

Documentos político

CO POBO CARA ADIANTE !

ASEMBLEA NACIONAL
EXTRAORDINARIA 09



1. A CONXUNTURA POLÍTICA

1.1. Avaliación dos resultados electorais das Eleccións Galegas de 2009 e conclusións

As eleccións non son o único termómetro para medir a temperatura da nosa sociedade no momento en que se producen, e proporcionan unha información relevante a respecto da evolución do estado de opinión dos distintos segmentos sociais e da capacidade das forzas políticas para sintonizar cos desexos e apreciacións presentes no tecido social. Certamente non fomos quen de considerar adecuadamente as perdas sufridas pola nosa organización no 2001 (49.000 votos e 1 deputado), en que a pesar de baixar do 25,5% (18 escanos) ao 23,3% (17 escanos) dos votantes e de igualarnos en número de deputados, superamos de novo ao PSOE en votos, mantendo a hexemonía dentro das formacións da oposición. Tampouco o fixemos en 2005, cando caemos ao 19,6%, perdendo 34.000 votos e catro deputados máis, ficando en 13 en tanto que o PSOE pasou a 25. A perda de algo máis de 41.000 votos e 1 deputado no 2009, ficando nos 270.000 apoios, obrigan a unha análise demorada. Debe terse en conta ademais que os resultados electorais das autonómicas 2009 prodúcense despois da chegada do BNG á Xunta por primeira vez na historia, polo cal na avaliación dos resultados electorais debe incluírse tamén o da propia acción de goberno desenvolvida polo BNG.

Os resultados electorais son obxectivamente negativos para o BNG, supoñendo un fracaso a respecto dos obxectivos marcados, tanto no que ten a ver coa perda de apoios como no relativo ao retorno do PP ao Goberno. Así, o nacionalismo non consegue tirar réditos positivos da súa experiencia no Goberno galego. A nosa presenza no mesmo puido, nalgún aspecto, desfigurar a nosa imaxe diante dalgúns sectores dinámicos e transformadores mais tamén é certo que evidenciou a nosa vontade de tomar decisións orientadas estratexicamente cara a un cambio real en Galiza. Alén disto, non houbo unha voz propia do BNG, independente da acción do Goberno, para clarificar perante a sociedade algunhas contradicións que se producían, especialmente as derivadas da nosa posición en minoría. A isto uniuse algunha incongruencia do noso discurso nacionalista e transformador, cuestión que produciu confusión nos destinatarios das mensaxes e, ao cabo, incomunicación coas clases e sectores sociais máis proclives ao discurso do BNG.

Pódese afirmar que o PP logrou mobilizar a maioría do seu electorado potencial a través dunha campaña con forte implicación da súa militancia e de medios estatais, e concibida como o primeiro paso para a conquista da Moncloa. A chave do seu éxito estribou na desmobilización dos votantes do PSOE e, sobre todo, do BNG a través dunha campaña demagóxica e eticamente rexeitábel mais eficaz en liña co que vén sendo a súa estratexia desde a perda do goberno español en 2004: utilización dos seus potentes instrumentos mediáticos para crear axenda e, sobre todo, elementos de posicionamiento social cargados de potencialidade mobilizadora. Cometeuse, ademais, o erro de realizarmos unha campaña dando por sentado inicialmente que a vitoria estaba asegurada.

Mais unha tal campaña non tería producido a perda de apoios para o BNG de non concorreren outras circunstancias que cómpre analizar demorada e rigorosamente, a fin de tirar conclusións operativas perante a nova situación que o nacionalismo vai ter que afrontar nos próximos anos. A tal fin é preciso ter presente os seguintes factores:

- a) Fraxilidade do nacionalismo, tanto no plano organizativo como no referente ao asentamento ideolóxico da súa base electoral. Ao BNG fíxolle máis dano a falsa percepción, instalada polo PP e algúns medios de comunicación, de que practicamos políticas de imposición idiomática, que o feito de que os avances en materia de normalización lingüística que houbo nesta lexislatura fosen moi cativos. Tamén callou a percepción nalgúns sectores de que “os do BNG son iguais que os outros” e na desafección que isto supuxo, influíron máis as campañas de desprestixio dalgúns medios (precisamente provocadas por non ter actuado “como os outros” por ter promovido unha política de cambios estruturais) que os erros propios, sen dúbida cometidos. Ambos os fenómenos evidencian a necesidade de ser máis activos e pedagóxicos na batalla das ideas nestas dúas materias que son sinal de identidade do noso proxecto político.
- b) Avance do proceso españolizador, nomeadamente nos ámbitos urbanos, co amparo de importantes poderes económicos e mediáticos, baixo a cobertura ideolóxico-política do Partido Popular e cunha campaña electoral –e campaña– absolutamente agresiva co nacionalismo.
- c) Crise do modelo neoliberal, cun impacto tremendo en amplos sectores da cidadanía, con importantes repercusións sociais en Galiza, que leva unha parte da sociedade a non acreditar nas alternativas políticas e si a entender as

proclamas populistas como solución aos seus problemas. Neste contexto, o BNG non foi capaz de conseguir facer chegar as súas alternativas a unha maioría da sociedade e que se visualizase así un proxecto alternativo e atraente.

d) Fracasamos na tarefa de ampliar a nosa base electoral nalgúns dos territorios sociais hexemonizados tradicionalmente polo PP, quen mantíña a súa estrutura organizativa e os seus apoios de base, sen perder, ao mesmo tempo, o apoio de sectores que conformaban habitualmente o noso electorado. Alén de sobrevalorar as nosas posibilidades de sintonía con aqueles votantes que se viñan mostrando máis proclives a dar o seu respaldo aos partidos do goberno por riba doutras consideracións, non acertamos a deseñar un conxunto de medidas, explicacións e interlocucións que permitiran dar satisfacción aos segmentos que demandaban un cambio fondo e rápido nos contidos e nas formas de facer política desde a Xunta.

e) Dentro dunha acción de goberno –nas áreas nacionalistas– globalmente positiva para o país, mesmo con actuacións estruturais de singular dimensión política e social, déronse desacertos importantes, que provocaron desmotivación en sectores tradicionalmente afíns ao BNG, que teñen a ver con actitudes incorrectas na transmisión de determinadas medidas, co exceso de aparencia continuísta fronte ao contido, ou con desaxustes na relación entre o BNG no Goberno, o BNG na organización, e o BNG na sociedade. Mesmo a presenza no Goberno contribuíu, nalgúns casos, a unha maior pasividade ou distanciamento da militancia, incidindo en certo debilitamento organizativo.

f) Dialéctica política intragoberno fundamentada na intención do PSOE de fagocitar e anular o BNG. Foi posíbel, con todo, marcar un espazo propio nacionalista socialmente visíbel, mais cunha percepción social, alimentada polo PP e polas súas plataformas mediáticas, de división governamental.

g) Desacertada política de relación cos medios de comunicación, públicos e privados.

1.2. A españolización do marco político: recentralización e ideoloxía antinacionalista

Desde o Goberno español, moitos medios de comunicación, forzas políticas de ámbito estatal ou grandes corporacións económicas, colaboran de xeito desinhibido na negación de dereitos democráticos en Galiza, como os lingüísticos. Non só se ataca o nacionalismo como unha opción electoral máis, senón como a expresión política da vontade libre do pobo galego. Na realidade, os ataques ao BNG teñen a súa razón de ser na visión intolerante e antidemocrática que sustenta a estrutura unitaria do Estado español. Incomoda a existencia dunha lingua diferente á española, dunha cultura singular, dunha historia autónoma, ou de referentes psicosociais propios. En definitiva, o problema é a nosa mera existencia como pobo diferenciado, como nación.

Por tanto, a españolización non só procura a anulación do pobo galego como comunidade humana diferenciada, mais tamén (e ese mesmo proceso facilítalo) a recentralización do poder político, reducindo a marxe do xa cativo e aparente autogoberno, mesmo do punto de vista meramente administrativo. É evidente que este esquema resulta especialmente valioso para poderosos intereses económicos e as súas terminais mediáticas que precisan dunha Galiza sometida como mellor método para seguir tirando lucro económico.

O reforzamento do aparello do Estado, a recentralización da súa intervención política e económica e o combate contra os nacionalismos, especialmente dos periféricos como o galego, acha nunha situación de crise estrutural, como a actual, o substrato ideal axeitado sobre o que asentar dito discurso. Mesmo o PSOE, asumiu un duplo discurso en Galiza en que, simulando que apoiaba a pluralidade e a diversidade lingüística, terminou por frear calquera avance normalizador e por obstaculizar as medidas que camiñaban nese sentido.

A nosa actuación táctica, nestas circunstancias, ten que consistir, tanto no ámbito social como no institucional, en defender un Estatuto de Nación que permita definir o nivel de autogoberno requirido para afrontar os retos que a sociedade galega ten no actual panorama estatal, europeo e internacional, desde a concepción dun Estado plurinacional, pluricultural e plurilingüe.

A lingua non é, neste contexto, un compartimento estanco. Moi pola contra, e máis en Galiza, lingua, economía e sociedade partillan a mesma sorte. *A defensa da lingua implica a aposta pola nación no seu conxunto. Tamén porque se corresponde cunha concepción de Galiza desacomplexada e digna, coa autoestima colectiva.* Reciprocamente, o desenvolvemento económico e maior autorresponsabilidade social repercutirían nunha maior valoración

social da nosa lingua. Dentro da dialéctica pola normalización do galego como a lingua propia e nacional de Galiza, o BNG debe salientar o carácter intercontinental da nosa lingua.

1.3. O nacionalismo e cambio de modelo socioeconómico, político, cultural e lingüístico no Estado. Por unha alternativa democrática, popular e galega á crise económica do modelo capitalista neoliberal

A crise que estamos a atravesar non é unha crise cíclica máis: é a crise do modelo neoliberal practicado, con escasas diferenzas, polos distintos gobernos estatais e erixido en doutrina oficial da Unión Europea e dos organismos económicos internacionais que, incapaces de prever e previr a crise, teiman agora nas vellas receitas –recortes sociais, precarización laboral, privatización de recursos e servizos públicos– esquecéndoas apenas cando de salvar as entidades financeiras se trata. Trátase dun modelo social que eleva o individualismo egoísta á categoría central da organización da sociedade e propaga un economicismo extremo que pon o mercado e o beneficio por riba da sociedade, por riba da cohesión social, da calidade de vida e da saúde das persoas; un produtivismo que se impón máis alá dos límites ecolóxicos dunha natureza tensionada ao extremo e que non ten conta de que a crise tamén é de modelo enerxético e da forma de explotación e destrución da natureza. En definitiva, o neoliberalismo está nas antípodas dos principios ideolóxicos do BNG.

En Galiza coñecemos de vello as consecuencias destas políticas: a desigualdade; a precariedade; a reconversión e o sometemento dos nosos sectores produtivos –a pesca, o agro ou a construción naval– a deseños foráneos contrarios aos nosos intereses; a perda de valores ambientais: a destrución paisaxística, a diminución da biodiversidade e o esgotamento de recursos naturais. Por iso o nacionalismo galego sempre cuestionou a viabilidade de modelos económicos baseados na especulación e na depredación dos recursos naturais, na precariedade laboral e nos baixos salarios defendendo, fronte aos partidos estatais, o dereito de Galiza a formular e executar as súas propias estratexias de desenvolvemento. Son precisamente as clases populares as que están a sufrir a crise do modelo neoliberal con maior intensidade. O desemprego para os traballadores, e sobre todo para as traballadoras, e a asfixia para a pequena e a mediana empresa produtivas son o escenario que depara a estes sectores unha crise producida por receitas que foron aplicadas con distintos matices polos sucesivos gobernos españois nas últimas décadas. E sabemos tamén que este modelo neoliberal vai da man, e non por acaso, da negación do poder de decisión e do ataque ás bases lingüísticas e culturais de países como o noso e, en xeral, da degradación da democracia. O nacionalismo galego debe ter en conta esa ligazón, traballando na construción dunha alternativa verosímil e viábel a esta situación de crise sistémica, fuxindo da abstracción e adaptada á singularidade e ás potencialidades da nosa realidade nacional.

Obviamente, non é esta a intención do Goberno español. Nin dos poderes económicos que o sustentan ou do envoltorio ideolóxico que lle dá sentido. Moi pola contra, tratan de manter, ou no mellor caso “refundar” un sistema capitalista que é precisamente o que provoca a desigualdade, a discriminación e a explotación dos pobos, das clases traballadoras, e de amplas capas populares.

No futuro inmediato todo apunta a un empeoramento que no noso país se pode ver aínda agravado polas políticas que veñen anunciando desde a dereita co respaldo do grande capital, co seu discurso de privatizacións a esgalla e medidas de apoio ao capital en detrimento das condicións de vida e de traballo da maioría da cidadanía. O BNG debe estar preparado para esa circunstancia, para o cal tamén resulta imprescindible a recuperación e intensificación das relacións fraternas con aquelas organizacións e entidades que comparten o mesmo espazo de discurso e proxecto transformador e alternativo.

No combate contra a crise económica, o nacionalismo debe, pois, relacionar ambas as dúas cuestións: formular alternativas económicas que respondan aos intereses e ás demandas da maioría social e, a partir delas, ilustrar pedagogicamente a necesidade de alargarmos o noso autogoberno, afondar na democracia e defendermos a nosa identidade cultural e lingüística. Xa que logo, *non só debemos facer unha aposta firme por unha economía produtiva sustentábel fronte ao paradigma especulativo, tamén por un modelo de sociedade onde os dereitos sociais –ao ensino, á vivenda, ao traballo, á igualdade entre homes e mulleres, a unha vellice digna etc.– non estean regulados polo mercado, senón que sexan garantidos polos poderes públicos.*

Consecuentemente, as finanzas teñen que regularse en función das necesidades da economía produtiva de cada país o que implica a asunción do control público das institucións clave de crédito (Instituto de crédito e Investimento, Caixas de Aforro e Banca Pública). Hai que recuperar o carácter progresivo do sistema fiscal, preservar e consolidar o sistema público de pensións e de protección e benestar social, así como apostar pola soberanía, especialmente a alimentar, a enerxética, a financeira e, por suposto, a política.



CO POBO CARA ADIANTE !





BO
ADIANTE!



ASEMBLEA NACIONAL EXTRAORDINARIA



1.4. Optimizar a potencialidade social do nacionalismo en Galiza

O nacionalismo é hoxe unha realidade asentada socialmente en Galiza, referencial para unha parte importante dos sectores máis dinámicos e comprometidos da nosa sociedade, e cunha capacidade de mobilización social, de influencia ideolóxica e iniciativa política contrastábel, en moitos casos por enriba da adhesión electoral. Posuíndo ademais unha presenza institucional non desdeñábel, unha estrutura territorial mellorábel, mais consolidada, e un importante activismo social na súa militancia, cuxa participación activa en todo o entramado asociativo debe ser promovida. Desde a perspectiva do fortalecemento do nacionalismo e do avance do autogoberno nacional, o BNG vai realizar unha análise especial sobre a estrutura socio-económica de Galiza despois das fondas mudanzas sufridas nas últimas décadas.

O nacionalismo galego debe aproveitar todos os resortes ao seu alcance para crear as condicións que permitan o seu avance e consolidación social e converter o BNG nunha organización de masas. O necesario crecemento da nosa base militantes debe acompañarse dun proxecto de participación dos e das simpatizantes, implicándoos na posta en práctica de políticas transformadoras. *A organización é un elemento clave, indispensable, para a consecución dese obxectivo. Dar prioridade, por tanto, á posta en marcha de medidas que permitan acadar un corpo militante formado, informado, coherente e ben organizado, con estruturas territoriais e sectoriais con funcionamento regular, e con vinculación e incidencia na representación institucional, que posibiliten o aproveitamento máximo do inmenso potencial que posuímos, debe ser un obxectivo preferente para o BNG.* Neste sentido a Executiva, de acordo cos responsábeis comarcais, elaborará un plan, no prazo de seis meses, para efectivizar as devanditas medidas.

2. PERFIL E OBXECTIVOS POLÍTICOS DO BNG

2.1. Actores e destinatarios da alternativa nacionalista en Galiza

O BNG, como organización nacionalista, representa unha alternativa de transformación socioeconómica, política, cultural e lingüística de Galiza consecuente coa defensa do dereito de autodeterminación. Como tal, o BNG aspira a representar todo o amplo espectro social que posúe un certo sentido de país, facendo avanzar o movemento nacionalista en Galiza, nas actuais circunstancias, como forza de oposición fronte ao PP. Ao mesmo tempo aspira a ser visualizado, a cada paso de forma máis nidia, como única posibilidade de cambio real positivo para Galiza, pola maioría da sociedade.

Hai sectores que participan ideolóxicamente e materialmente dun modelo de Estado español desigual e contrario ao pluralismo nacional, aqueles que están máis vinculados con empresas multinacionais de distintos ámbitos –desde o enerxético até o mediático– cuxa razón social está residenciada en Madrid. Eses sectores contan ademais coa complicidade de poderes mediáticos de titularidade galega que, pese a non teren vinculación formal con matrices españolas, defenden vicariamente o modelo recentralizador español para Galiza por considerar que unha Galiza dependente e atrasada é a mellor garantía da perpetuación do seu dominio.

A poboación galega, en xeral, debe ser a destinataria da acción política do BNG. Mais neste contexto de dinámica continuada de anos en que perdemos apoios da poboación urbana e nova, deben ser estes segmentos centro de especial atención, revisando no necesario as liñas de actuación e mesmo o xeito de nos estruturar territorialmente para adaptarnos ás novas realidades urbanas e impulsando Galiza Nova como ferramenta de traballo, na procura de máis protagonismo da mocidade na liña de actuación do BNG. Xa que logo, faise tamén necesario facermos unha reflexión a respecto das análises, propostas e métodos de traballo e de comunicación que configuran o discurso nacionalista para a mocidade galega, en coordinación con Galiza Nova. A política nacionalista para a mocidade debe dirixirse a propor solucións e alternativas aos seus problemas, a incentivar a canalización das súas ansias de participación social e a lograr unha maior identificación dos mozos e mozas co Proxecto nacionalista. Recuperar a confianza e o apoio da mocidade galega no proxecto do BNG ten que ser un obxectivo prioritario. Asemade, consideramos imprescindible promover un maior protagonismo das mulleres, tanto na toma de decisións como no acceso a cargos de responsabilidades, e na transmisión pública dos posicionamentos do BNG, promovendo e consolidando referentes femininos.

A nosa presenza no Goberno demostrounos que o nacionalismo galego ten a súa razón de ser nas potencialidades das clases traballadoras e da pequena e mediana burguesía vinculada á economía produtiva. As clases sociais que

crean riqueza e que poden estar obxectivamente interesadas na existencia dun marco político galego de decisión son as proclives a comprender a necesidade do nacionalismo e as que poden facer que avance, aquí e agora. Sen arroupe das clases populares ningún proceso de emancipación nacional e social é posíbel. Tampouco o é ningún proceso de consolidación do nacionalismo desde o Goberno. ***O BNG debe manter interlocución e contacto permanente e directo con todos os axentes e colectivos sociais, mais debe deixar patente cales son os destinatarios fundamentais da súa política. Isto é básico para que o nacionalismo político estea sempre arroupado polo nacionalismo social.***

Temos xa detrás un longo percorrido; debemos tirar conclusións da nosa experiencia e asumir a nosa actuación futura con realismo e coa convicción da necesidade e utilidade do nacionalismo galego, como instrumento insubstituíbel para mudar o papel de Galiza no Estado español, para desenvolver as nosas potencialidades como pobo e para contribuír a unha orientación internacionalista do marco europeo e do mundo. Un verdadeiro autogoberno, con capacidade e competencias reais, verdadeiramente responsábel, é unha das condicións prioritarias para o desenvolvemento produtivo do país e para a súa vertebración. Por tanto, ***a alternativa nacionalista significa mellorar as condicións de vida desde a auto-estima e a confianza nas nosas posibilidades e capacidades como pobo. O labor social e institucional do BNG debe estar orientado a estes fins. Actuando sempre no seo da sociedade, traballando na súa vertebración, o obxectivo político último será facer aboiar a maior consciencia nacional, estimulando a confianza na capacidade do pobo galego e transformando o sentimento en identificación e práctica político-social, como única forma de lograr a hexemonía do nacionalismo.***

2.2. A colaboración entre as organizacións do campo nacionalista e os obxectivos comúns

A partir da base social, tradicionalmente identificada co proxecto nacionalista, debe ser obxectivo do BNG aumentar o ámbito de incidencia deste proxecto. A ampliación do mesmo non virá da man de sectores sociais que teñen uns intereses e/ou unha ideoloxía contraditoria coa base social máis firme do nacionalismo. Por esa razón o BNG debe identificar con claridade os trazos definitorios da súa base social arredor da que pivota o noso proxecto para, a partir de aí, definir a estratexia de ampliación e alargamento da base social organizada ou organizábel.

O Bloque Nacionalista Galego comparte con outras organizacións sindicais e sociais principios comúns por estaren situadas tamén no ámbito do nacionalismo, particularmente o da auto-organización no marco da nación galega. Especial interese ten a relación do BNG coas organizacións sindicais, socio-profesionais, empresariais, feministas, culturais, ecoloxistas e as defensoras dos dereitos das minorías, os movementos cidadáns en xeral que teñan Galiza como marco de actuación e/ou unha orientación nacionalista.

A colaboración e coordinación con elas contribúe á conquista de melloras laborais e sociais, á defensa dos servizos públicos, ao impulso da economía produtiva, á exigencia de medidas gubernativas para confrontar a crise económica do punto de vista dos intereses maioritarios, ao coñecemento e posta en valor da nosa cultura e do noso patrimonio natural, ao impulso dos procesos de normalización de usos do galego. En definitiva, a crear a atmosfera de responsabilidade e confianza na nosa capacidade, que é o que axuda a espallar a conciencia nacional galega.

O BNG establecerá unha relación fluída e constante cos movementos sociais vinculados ao nacionalismo. O obxectivo será chegar a posicionamentos e reivindicacións comúns sempre que for posíbel. Consultarase a súa opinión para definir estratexias, e o BNG ofrecerase de canle transmisora nas institucións, para partillar a análise, loitando por abrir espazos para que as súas reivindicacións sexan escoitadas e defendidas.

A experiencia do goberno obríganos a traballar a prol dunha mellor e máis eficaz relación coas organizacións sociais do nacionalismo, tecendo obxectivos e articulando estratexias comúns. A relación debe fundarse en dous principios complementares:

- A autonomía e a correlativa especialización de cada unha das organizacións e do propio BNG no ámbito que lles é propio.
- A consciencia de facermos parte todos do movemento nacionalista e de sermos todos corresponsábeis do seu avance social.

Para o avance do noso proxecto é preciso o soporte das organizacións sociais e sindicais. A relación debe ser sempre en mutuo beneficio e debe intensificarse. Deben mesmo promoverse ámbitos simbólicos comúns (por exemplo, mitins, xornadas organizadas conxuntamente...). As organizacións sociais do movemento nacionalista

deben entender que sen referente político o proxecto nacionalista non é viábel e, ao mesmo tempo, o proxecto político debe entender que sen referentes sociais non é posíbel o progreso dunha alternativa como a nosa.

2.3. O BNG como forza de oposición social e institucional ao PP en Galiza

O BNG asume o compromiso, nesta nova situación, de realizar, en consonancia coa súa alternativa política, unha oposición firme contra as políticas que a dereita española está empeñada en aplicar desde o Goberno galego. Ábrese un tempo político no que previsibelmente a dereita vai endurecer as medidas represivas contra as liberdades colectivas e contra todos os sinais da identidade propios da nosa nación. O españolismo vai encetar un proceso de poda das pólas que sustentan o proxecto emancipador galego. O PP pretende:

- a) transformación do goberno galego nunha sucursal das estratexias do PP español, decididas na súa sede de Madrid;
- b) instrumentalización de Galiza para servir ao seu obxectivo de conquistar o goberno do Estado;
- c) destrución das políticas iniciadas polo nacionalismo desde a Xunta, na medida en que ían encamiñadas a unha mudanza social e económica e á autoestima colectiva;
- d) política de privatizacións de servizos públicos e incapacidade para optar por unha economía non especulativa;
- e) parálise nas políticas a favor da igualdade efectiva entre homes e mulleres;
- f) parálise e involución no proceso normalizador do noso idioma;
- g) secundarización e marxinación das nosas manifestacións culturais;
- h) confesionalidade relixiosa;
- i) parálise no avance do autogoberno;
- k) destrución do territorio.

A oposición a esta política, para ser eficaz, necesita de aliados sociais, de cobertura na base, de compromisos e mobilizacións das maiorías sociais afectadas. O noso labor de oposición debe ter os seguintes obxectivos: por unha banda, defender as medidas tomadas polo goberno bipartito en favor do benestar social e da nosa identidade lingüística e cultural; e pola outra, acompañar os sectores sociais que padecen os efectos da crise económica; asumir a defensa incondicional de todas as medidas que promovan o mantemento e ampliación das redes públicas de protección dos dereitos laborais e sociais; afondar na elaboración de propostas alternativas á lóxica económica dominante que permitan ir abrindo novas dinámicas de acumulación de forzas en favor dun modelo diferente de creación e distribución da riqueza.

O BNG, como forza de oposición social e institucional ao PP en Galiza, debe situarse na cabeza visíbel dunha ampla mobilización a prol dos intereses populares de Galiza, retomando o papel didáctico e pedagóxico que na historia o nacionalismo ten demostrado ser capaz de desenvolver para a creación de conciencia nacional, antepoñendo os dereitos colectivos fronte ao interese das forzas concentradoras de capital-poder e acentuando unha defensa fechada daqueles sinais de identidade propia como a cultura e a lingua, que teñen ante si nos próximos tempos perigos de deturpación e musealización.

O nacionalismo galego ten que ser vangarda na oposición destinada a desvendar o verdadeiro significado da política do PP. Debe servirmos para o avance social dos postulados nacionalistas. O BNG, con realismo, aspira a ser unha forza política máis introducida socialmente e con máis capacidade de determinar a política galega. O nacionalismo galego é a antítese do que o PP representa como alternativa reaccionaria e anti-nacionalista. A introdución do nacionalismo na base popular do PP ten que vir a través dos conflitos sociais que lle afecten, actuando de forma que contribúa a un cambio de mentalidade. ***Só a iniciativa, e a atención aos problemas do país, pode permitírnos crear unha dialéctica política en Galiza que non sexa unha mera transposición da política española.***

A pesar de que BNG e PSOE representamos non só dous proxectos políticos distintos mais tamén dúas formas de concibir Galiza e de actuación política, ***procuraremos acordos tácticos no ámbito institucional co PSOE para favorecer coincidencias na acción e dinámicas propias das necesidades de Galiza. A visualización dunha alternativa democrática ao PP debe supor unha dialéctica política propia de Galiza.***

2.4. Democracia e pluralismo no Estado. O modelo bipartidista antítese da alternativa nacionalista, da democracia, do pluralismo e dun modelo económico-social, político-cultural e lingüístico alternativo

Actualmente, o chamado Estado das autonomías está ancorado, sen saír dunha descentralización burocrático-administrativa, expresando a incapacidade de evolucionar cara a un estado plurinacional pola cerrazón e hostilidade dos poderes hexemónicos, desde os económicos e mediáticos aos políticos e ideolóxico-culturais. O proceso seguido polo Estatuto vasco, primeiro, mesmo coa negativa das Cortes á súa admisión a trámite, e o do Estatut catalán, á espera da sentenza do Tribunal Constitucional, cos máis que probábeis recortes, após pasar pola peneira das Cortes españolas e ser aprobado en referendo polo pobo catalán, evidencia as limitacións do actual marco autonómico e constitucional para unha transformación democrática do Estado español. O modelo bipartidista estatal é refractario a esta democratización, igual que o é a respecto do pluralismo político, que paradoxalmente é un valor constitucional. Coa actual configuración do Estado, as alternancias no Goberno prodúcense entre as dúas pólas do bipartidismo, ambas, malia os matices de importancia, contrarias a calquera cambio cualitativo na súa configuración. *Os nacionalismos son no Estado a antítese do modelo bipartidista, a expresión máis xenuína do pluralismo político e ao mesmo tempo simbolizan a posibilidade de configurar poderes e tendencias (económicos, mediáticos, culturais, lingüísticos, marcos de decisión e auto-organización...) a través dos gobernos autonómicos, que entran en contradición cos hexemónicos a nivel estatal.*

A democracia, o pluralismo, o anti-monopolismo, a diversidade cultural e lingüística dependen, en grande maneira, da vitalidade dos movementos nacionalistas no Estado. A dereita española, representada polo PP, ten abrazado con entusiasmo a causa do combate contra o nacionalismo en nome da españolidade e dunha concepción da democracia destrutiva coa expresión do pluralismo político, consoante á súa vocación hexemonista e autoritaria. A esquerda española mantén unha postura errática, confusa, moitas veces seguidista, puramente tacticista e, no fondo, conivente coa tese de que os nacionalismos deben ser reducidos ou eliminados do escenario político. O aparente cambio operado na primeira lexislatura do Goberno Zapatero, que anunciaba un debate máis aberto e posibilista sobre o avance no autogoberno das nacións, semella agora paralizado.

O bipartidismo é o reflexo dun modelo socioeconómico profundamente inxusto e que se caracteriza por unha altísima concentración do poder político, económico, mediático e financeiro nunhas elites cada vez máis minoritarias.

Non podemos caer no erro de sustentarmos as teses de que as dúas patas do bipartidismo son intercambiábeis, mais o que si debemos é denunciar como antidemocrática a súa entente sobre os asuntos esenciais da política estatal e nomeadamente a súa determinación por ir estendendo a súa hexemonía a todos os territorios do Estado.

Enfrontar o bipartidismo require promover unha reforma no Estado. É preciso estreitarmos as alianzas políticas cos outros referentes nacionalistas e procurar neste sentido o alargamento de Galeuscat ao conxunto do nacionalismo político operante no Estado. O nacionalismo debe actuar cun maior grao de coordinación na defensa do mínimo común denominador: a) a plurinacionalidade; b) o dereito de todas as nacións do Estado a formular un modelo de desenvolvemento económico autocentrado; c) establecer un novo sistema de financiamento autonómico que remate coa incongruencia de que se descentralicen os gastos, mais non os ingresos.

2.5.-A relevancia política da presenza do BNG nas Cortes Xerais

A presenza de Galiza desde 1996 no escenario da política estatal condicionou a estratexia dos partidos españois, e mesmo o BNG chegou a condicionar a política práctica do Goberno español a respecto do noso país. Sen dúbida, cando o BNG foi necesario para conformar maiorías parlamentares de apoio ao Goberno, puidemos negociar acordos claramente beneficiosos para o país. *Podemos afirmar que houbo un cambio de posición, no aspecto cuantitativo, do Goberno do Estado a respecto de Galiza grazas ao BNG, especialmente evidente nos Orzamentos desde 2006 até hoxe.*

Porén, a presenza nas Cortes ten un valor altamente simbólico tamén. Quen non ten alí presenza case que non existe no escenario político. Significa, alén disto, que hai vontade de existencia como nación e dignidade nacional con capacidade para se expresar no contexto estatal. *Na nova situación, con Goberno PP en Galiza, e cun PSOE no Estado escorado cara a posicións españolistas (situación en Euskadi), recuando nas súas posicións democráticas e errático perante a crise económica, a actuación do BNG debe conxugar os seguintes eixos de actuación: oposición ás políticas recentralizadoras e limitadoras dos dereitos democráticos e sociais, perfil claro na defensa de alternativas fronte á crise desde unha óptica galega e popular, comprometida cos intereses das maiorías sociais*

e dispoñibilidade a acordos puntuais co Goberno español en beneficio de Galiza, de forma que non poidan ser instrumentalizados ou manipulados polo Goberno PP.

O BNG manterase como unha forza de oposición con suficiente intelixencia para chegar a acordos puntuais co Goberno ou coas outras forzas de oposición. *En todo caso, o BNG denunciará sempre a demagogia e o oportunismo políticos do Partido Popular, evitando facerlle o xogo na súa estratexia de acceso ao poder no estado.*

Por último, a actividade parlamentar intensa e en conexión coa sociedade debe seguir caracterizando a presenza do BNG nas Cortes, hoxe máis crucial que nunca.

3. ACTUACIÓN MUNICIPAL, PRESENZA SOCIAL E DEFENSA DOS INTERESES COLECTIVOS. AUMENTAR A BASE SOCIAL ORGANIZADA DO BNG EN TODO O PAÍS

A implantación social do BNG, a ampliación da súa base social e da militancia, a integración na vida política interna da afiliación, ten na nosa organización unha relación moi forte coa actuación municipal polo que as organizacións locais e a actuación municipal constitúen os elementos básicos da organización e da presenza social do BNG.

O marco no que se desenvolve o noso traballo municipal está caracterizado por unha estruturación territorial, institucional e normativa mal adaptada á realidade de Galiza. Os concellos están concibidos como contrapeso político ao poder autonómico, cun funcionamento lastrado polo localismo baseándose nunha suposta autonomía local, mais curiosamente só en relación coa institución autonómica e non así coa estatal, e unha gran compoñente personalista coa potenciación do alcalde ou alcaldesa como figura única. A consecuencia intencionada de todo isto é a extensión dun lugar común falso: nos concellos importa pouco a ideoloxía, o fundamental é a xestión.

Este modelo, disfuncional para Galiza, resulta distante e contradictorio cos nosos formulamentos políticos. Por iso debemos centrar o noso traballo municipal non só na xestión administrativa e burocrática, senón, sobre todo, na implementación do noso proxecto político na vida municipal. Debemos pensar os concellos como célula dunha nova vertebración comarcal e territorial do País, que supere a actual estrutura provincial e disgregadora. Porén, o marco institucional municipal permítenos demostrar a viabilidade do proxecto nacionalista para propor respostas para resolver os problemas e satisfacer as demandas da cidadanía, e tamén contribuír localmente ao avance global do BNG cara a hexemonía política para acadar os obxectivos nacionalistas.

En consecuencia, a nosa actuación debe rexerse polos seguintes principios:

- *Todas as actuacións que se fagan no ámbito local (xestión, oposición, mobilización, sensibilización, debates sociais etc.) deben dar resposta a obxectivos políticos claros, definidos, priorizados e impulsados de xeito que cada actuación concreta, incluídas as institucionais, teña un sentido e unha finalidade previamente definidas.*
- *Somos nacionalistas e esa condición débese plasmar non só na nosa análise política e na defensa do noso ideario político, senón tamén na translación de iniciativas, políticas concretas e na execución dunha actuación municipal que debe estar inserida nun proxecto nacional.*
- *O BNG debe actuar sempre con iniciativa, introducindo na sociedade os debates sobre as nosas propostas que permitan, ademais, acrecentar a base social organizada, contribuíndo, tamén, a darlle presenza social e participación institucional aos sectores organizados que defenden loitas afíns aos nosos referentes ideolóxicos.*
- *Definir e regular a relación entre a organización local, garantindo a súa participación na definición e impulso político, e os grupos municipais, conxugando o papel de dirección política da organización coa necesaria autonomía de acción dos cargos públicos.*
- *A organización será sempre a responsábel de fixar, en colaboración co grupo municipal, os obxectivos políticos e os métodos de actuación, definir as liñas básicas da actuación política, establecer a prioridade das actuacións, marcar as actuacións de maior repercusión social e avaliar periodicamente a marcha da actuación municipal. Alén diso, a organización debe complementar e reforzar o noso traballo institucional de oposición ou goberno, a través do traballo de información veciñal, introdución social, agrandamento da base organizada do BNG e explotación e valorización social da nosa acción municipal.*

3.1. Presenza do BNG nos Gobernos municipais: Acordos programáticos e formas de actuación

Aínda que existe unha enorme diversidade de situacións dependendo do tamaño do Concello e das condicións en que estamos no Goberno, as pautas básicas de actuación deben ser as mesmas en calquera dos casos, adaptadas logo



a cada casuística particular: proxecto nacionalista claro, mensaxes claras, priorización da acción de goberno, relación equilibrado da xestión e os obxectivos políticos prefixados, participación e corresponsabilidade social. Os obxectivos fundamentais da nosa presenza nos gobernos son: dar solución aos problemas da sociedade e servir ao proxecto político do nacionalismo e de emancipación nacional.

Cando estamos nun goberno de coalición co PSOE, a situación vólvese moito mais complexa pois as análises políticas das dúas forzas son distintas. O BNG entende que a ocupación da maioría das institucións municipais por un Partido Popular centralista e obsesionado coa eliminación dos nosos sinais de identidade e consciencia nacional, sería negativo para Galiza, polo que as coalicións entendémolas como necesarias para conxurar este perigo e para permitir executar o noso proxecto transformador no ámbito local.

Obviamente, o BNG, por criterios políticos e polos aspectos positivos dos propios pactos, ten interese en que estes continúen. Non obstante, cómpre adoptar medidas para corrixir e mellorar o seu funcionamento. Aínda que a deriva centralista do PSOE, cada vez máis acentuada, así como a constatación da súa falta de lealdade, compromete en ocasións os pactos, ao tratarse dun problema de actitude política de fondo e de incumprimento dos acordos, máis que do propio contido destes, non é oportuno proceder á súa revisión global. A revisión debe cingirse aos casos que se considere necesaria e debe estar orientada a dotalos de maior efectividade no plano político e social. En todo caso cómpre ter presente que a nosa forza ante os pactos co PSOE non só ten que ver coa aritmética electoral, senón tamén coa nosa actividade e presenza sociais.

A actuación do BNG nos gobernos municipais debe guiarse polas seguintes orientacións:

- *O BNG nos Gobernos Municipais debe ter un proxecto para o seu concello que nos dote dun perfil nido e ben definido fuxindo da dispersión de mensaxes e da hiperactividade da xestión como fin en si mesmo.*
- *O BNG debe impulsar políticas transformadoras e orientadas ao fortalecemento do noso carácter nacional e a apostar polo benestar e mellora das condicións de vida da cidadanía, especialmente das persoas máis desfavorecidas.*
- *Aplicar na nosa acción de goberno as propostas relativas á administración local incluídas no programa de goberno co que concorremos ás eleccións autonómicas.*
- *Elaboración de plans de traballo conxuntos entre os grupos municipais e organizacións locais para lograr que o poder municipal do BNG se traduza nun crecemento organizativo e maior introdución social do nacionalismo.*
- *Actualizar as fórmulas de participación e mellorar a comunicación entre os cargos municipais e a nosa base social. Unha militancia informada e partícipe dos debates e tomas de decisión é a mellor garantía para trasladar á sociedade a nosa acción política.*
- *Temos que abordar abertamente os pactos co PSOE sobre a base de estratexias políticas comúns. Os gobernos de coalicións deben estar baseados na lealdade e no respecto mutuos.*
- *Análise da situación na que se atopan os distintos gobernos de coalición procedendo á revisión dos que sexa necesario e adoptando as correccións para o cumprimento dos acordos.*
- *O BNG debe manter na súa actuación municipal un perfil propio que debe plasmarse nas propostas, na maneira de executalas, nas formas de actuar dos cargos públicos e no establecemento de complicidades sociais.*
- *Actualización da estratexia de actuación en todos os gobernos municipais nos que participamos, garantindo a participación da militancia na que se definan, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos políticos que desenvolverá o BNG en diversos planos de actuación (organizativo, institucional e social), temas que se abordarán no espazo temporal que vai até o 2011 e coordinación entre os grupos municipais e a organización.*

3.2. O BNG como forza de oposición nos concellos

Os obxectivos políticos básicos do BNG son a ampliación da nosa base social, o avance da consciencia nacional e o achegamento ás nosas posicións e ao noso proxecto político de máis capas da sociedade, como maneira de xerar unha aspiración social de cambio político liderado polo BNG e de acadar un apoio social maioritario.

Por iso é preciso desterrar a idea de que a política de verdade só se pode facer desde o goberno, o que levou a situacións tan paradoxais como a de vivir como éxito ter unha representación minguada, se permitía ter responsabilidades de goberno, e como un fracaso unha nutrida representación na oposición. Desde a oposición pode realizarse unha política nacionalista eficaz e co obxectivo de acadar apoio social e ter unha maioría que nos permita gobernar.

Sendo un dos obxectivos da nosa actuación municipal acadar o goberno do concello, debemos orientar o noso traballo, alén de a lograr o cambio político, a xerar unha estrutura organizativa e unha base electoral que sustenten o futuro goberno local.

Para iso é preciso realizar unha correcta identificación dos temas nos que imos centrar a nosa actividade política, da idónea engrenaxe da nosa representación municipal coa organización e da necesaria implicación de máis amplos sectores sociais no traballo que se desenvolverá.

A nosa actuación municipal na oposición deber ter en conta os seguintes criterios:

- *Estar orientada a obxectivos políticos, ao activismo social e a introducir na sociedade debates por iniciativa do BNG.*
- *Tentar transmitir que temos un proxecto nacionalista de goberno con perfil nidio e alternativas realistas.*
- *Xerar na cidadanía a necesidade dun cambio político e que este sexa liderado polo BNG, para o que debemos facer explícita a nosa alternativa política e que esta se perciba como críbel e verificábel.*
- *Definir coa antelación suficiente as candidaturas para que se visualice a credibilidade dos nosos equipos.*
- *Analizar e definir desde as asembleas locais e comarcais, coa coordinación dos consellos locais e comarcais, a nosa política municipal.*
- *Incorporar na organización a todas aquelas persoas que forman parte da nosa base de simpatizantes e colaboradoras/es.*
- *Manter unha política informativa acaída (voceiros locais, comarcais, web) que garantan a transmisión directa da nosa mensaxe ao conxunto da sociedade.*
- *Intensificar o traballo social e a participación da militancia nas organizacións sociais.*
- *Defender os avances políticos logrados polo BNG desde o Goberno galego.*

3.3. Por un modelo de política municipal nacional. A coordinación necesaria e a definición de liñas de actuacións comúns

O BNG carece dun modelo de política municipal a nivel nacional por múltiples razóns que non se poden apor só á falla de medios ou de vontade política, senón que ten causas máis fondas. A disparidade de situacións que fai complexa a tarefa si se pretende homoxeneizar sen unhas premisas claras, a necesaria autonomía das Asembleas/ Consellos Locais e Grupos Municipais sempre deixou fendas para unha excesiva atomización sen chegar nunca a acoutarse con claridade cales deberan ser os seus límites.

A isto hai que lle engadir as dificultades que temos achado para que se interiorice a importancia do que chamamos política municipal nacional, como consecuencia das dinámicas propias dos grupos locais, polo que é esencial implicar a organización –local e comarcal– no seguimento e supervisión da execución da política municipal nacional no ámbito local.

En relación cos contidos políticos, hai que trazar unha clara liña divisoria: cada concello ten unha dinámica propia que só pode ter unha resposta acaída con certa autonomía local. Agora ben, cada asemblea local pode definir o modelo que enfrente á súa realidade mais sempre que os seus contidos políticos e os seus métodos de actuación estean claramente dentro dos parámetros do nacionalismo.

A acción política do BNG nos concellos debe abrir un debate amplo e responsábel sobre a estrutura territorial de Galiza, apostando por un modelo baseado nas parroquias, barrios e concellos e nas comarcas e áreas metropolitanas en que se insiren. Neste sentido, o BNG debe tomar a iniciativa nos debates nacionais sobre política municipal: o marco legislativo de réxime local, a racionalización do mapa municipal do país, o financiamento das institucións locais, o papel da FEGAMP etc. Do mesmo xeito, debemos actuar consecuentemente, tamén no plano municipal, tendo presente que o BNG, respectando todas as crenzas relixiosas, está a favor dun estado laico, da non confusión entre a Igrexa e o Estado.

As cidades galegas constitúen unha realidade sociopolítica de primeira orde en Galiza e a súa relevancia na política nacional do BNG merece toda a atención da propia dirección nacional. O peso demográfico e electoral ou a influencia que a dinámica política de Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo ou Ferrol exercen sobre o resto do país, fan obrigado abordar fórmulas que aseguren a máxima coordinación e implicación da dirección nacional na política do BNG nas cidades.



A nosa acción de goberno nas cidades, a toma de posición dos nosos alcaldes, tenentes de alcalde ou portavoces municipais sobre determinados asuntos, as crises dos gobernos locais, as polémicas coa administración galega ou estatal etc. sobardan os límites locais e adquiren con frecuencia relevancia e transcendencia nacional.

Ao mesmo tempo, os nosos e as nosas principais referentes nas cidades poden e deben converterse en emisoras da opinión e posición política nacional do BNG para amplificar e reforzar a nosa mensaxe e discurso.

Coa experiencia acumulada podemos apuntar as seguintes medidas para avanzar nun modelo de política municipal nacional:

- *Construír e proxectar a nivel nacional un perfil propio da política municipal do BNG: política local e concellos para construírmos e facer nación, para xerar máis benestar e máis emprego, mellor xestión, máis transparencia, máis democracia e participación.*
- *Crear un modelo de política municipal baseado na autonomía local dentro dos parámetros dos contidos políticos e ideolóxicos e dos métodos de actuación do BNG, así como a fixación de postura ante asuntos e preocupacións comúns e o intercambio da xa abundante experiencia existente.*
- *Crear unha Comisión Nacional de Política Municipal, que inclúa tanto a Secretaría Nacional como as de ámbito comarcal, que terá a responsabilidade de coordinación, seguimento e proposta de estratexias 2009-2011 en todos os concellos e deputacións atendendo as diferentes casuísticas. Reprodución no ámbito comarcal dun esquema similar.*
- *Definir, no ámbito local, as estratexias de actuación municipal, procurando a participación do conxunto da militancia e fuxindo da concepción que relega a política municipal á que se fai dentro da institución.*
- *Procurar a coherencia e homoxeneidade das políticas locais. Evitar contradicións entre gobernos e entre gobernar e estar na oposición.*
- *Executar as previsións contidas no programa marco das pasadas eleccións municipais.*
- *Velar pola homoxeneización das obrigas e dos dereitos dos grupos municipais en todos os seus aspectos: financeiros, de relación coa organización, de aceptación das decisións colectivas, de comportamento público etc.*
- *Organizar xornadas e encontros sobre asuntos ben definidos garantindo a súa operatividade.*
- *Definir o papel que deben cumprir os Grupos Provinciais das Deputacións na nosa relación cos nosos grupos municipais e coordinar as políticas locais e provinciais para o seu reforzamento mutuo, especialmente nas que cogobernamos.*
- *Procurar a presenza municipal do BNG en proveito do reforzo organizativo (máis afiliación e implicación dos grupos municipais nas campañas nacionais do BNG) e electoral noutros procesos electorais.*
- *Coordinar a actuación das representantes e dos representantes do BNG nas mancomunidades e noutros instrumentos de xestión municipal.*
- *Coordinar a dirección nacional do BNG, as direccións comarcais e as direccións locais das cidades e, por tanto, a integrar a política das cidades na política nacional do BNG.*
- *Reforzar o apoio técnico-político permanente aos grupos municipais desde a estrutura nacional.*

3.4. Importancia das eleccións municipais de 2011

As Eleccións Municipais 2011 deben constituír un grande reto para o BNG como instrumento para fortalecer a implantación territorial e social e avanzar na clarificación social das nosas alternativas políticas. Ao tratarse dun proceso onde o campo de xogo vai ser fundamentalmente o dos concellos, vainos permitir facer unha política moi directa de contacto coa sociedade, coa súa problemática real. Alén disto, debemos ter presente que, á marxe da casuística de cada localidade, o resultado das eleccións dará unha idea de até que punto as medidas que até aquí se teñen exposto, nomeadamente as que atinxen a reactivación do BNG e as encamiñadas a recuperar a confianza dese sector do noso electorado que nola retirou nas pasadas eleccións, están a dar os seus froitos.

Cómpre iniciar a preparación destas eleccións para mellorar a nosa implantación social, territorial e electoral :

- *De cara a acadar un maior número de alcaldías e de presenza municipal, elaborar antes de outubro deste ano un Plan de Traballo en que se avalíe con profundidade política a situación real. Tomar decisións con tempo e de xeito matizado e pór en funcionamento as medidas adoptadas nesta Asemblea, coa finalidade de afrontar as vindeiras municipais coas máximas garantías de éxito. Mellorar a nosa colaboración cos colectivos veciñais, sociais etc. que actúen en cada contorna.*
- *En consonancia coa importancia política antes resaltada, este Plan de Traballo terá unha especial incidencia nas áreas urbanas e incorporará todas as medidas propostas anteriormente neste documento.*

4. PRINCIPIOS POLÍTICOS DO NACIONALISMO E FUNCIONAMENTO DO BNG: UNIDADE, PLURALISMO, LEALDADE E OPERATIVIDADE

Todas as persoas, colectivos e partidos que conformamos o actual BNG debemos aceptar que existen distintas formas de desenvolver o patrimonio programático común, que todas elas son lexítimas e que só hai un límite que non podemos sobordar: o da propia destrución da organización como instrumento ao servizo de Galiza.

Perante a nova situación, cómpre lembrar principios básicos que dan coherencia e cohesión ao BNG como instrumento eficaz para a actuación política. **Hoxe máis que nunca temos que subliñar o valor da unidade: sen esta unidade o nacionalismo non é viábel como alternativa política significativa en Galiza.** A estrutura frontista fai viábel a unidade orgánica do nacionalismo galego. **A diversidade ideolóxica, o pluralismo, é unha realidade que ten a súa pegada na concepción organizativa do BNG, como un valor ineludíbel, que ten que ser aceptado e respectado.**

Cómpre así mesmo facer que prevalezan conceptos fundamentais nunha organización como a nosa, isto é, a prevalencia do colectivo sobre o individual do plural fronte ao singular. Somos unha Organización na que nos unimos para entre todos e todas sacar o proxecto adiante.

Son os principios básicos do nacionalismo galego os que prestan vertebración nun todo á diversidade ideolóxica do BNG. A lealdade a estes principios e ao seu desenvolvemento analítico básico, discutido e aprobado nas sucesivas Asembleas Nacionais do BNG, constitúe a chave para actuarmos como alternativa política coherente e cohesionada. **Os acordos e as decisións colectiva e democraticamente tomadas, conforme aos principios e resolucións asembleares, teñen que ser respectados escrupulosamente se queremos que o BNG teña a operatividade que unha forza política necesita en calquera circunstancia, e moito máis en circunstancias adversas.** Neste sentido, a lealdade é coa organización, co colectivo que a conforma e cos principios e as decisións que a moven. **Para todos os militantes, mais especialmente para os que ostentan cargos na dirección e nas institucións, o principio de lealdade exige discreción a respecto dos debates internos, das resolucións aprobadas, para sermos operativos no exterior. A lealdade implica corresponsabilidade, isto é, desempeño das funcións encomendadas, cun sentido de identificación coa liña política e as decisións acordadas. Supón non facer deixación de funcións.** O debate necesario e as discrepancias lóxicas deben ter unha canle exclusiva dentro das estruturas orgánicas. A lexítima discrepancia externa non pode converterse nunha arma de deterioro social do BNG e moito menos en boicot activo á súa actividade política.

Da conxunción equilibrada destes principios vai depender en boa maneira a vitalidade do BNG no futuro inmediato.

CO POBO
CARA ADIANTE!

CO POBO
CARA ADIANTE!

ASEMBLEA NACIONAL
EXTRAORDINARIA 09



DISCURSO CLAUSURA

Compañeiros e compañeiras

Grazas a todos e todas vós pola vosa participación, o voso comportamento, e o exemplo de democracia interna que acabades de dar á nosa organización e a toda a sociedade galega. Grazas a todos e a todas!

Teño a honra de pechar esta Asemblea Nacional Extraordinaria con este discurso de clausura. Vimos de celebrar unha Asemblea Nacional dun enorme valor para o nacionalismo galego. Unha Asemblea Nacional en que debatemos con total honestidade e transparencia, con enorme riqueza argumental, en que todos e todas protagonizamos un extraordinario exercicio de democracia participativa. Esta é xa a Asemblea Nacional de participación máis masiva da historia do BNG.

Desde as asembleas comarcais celebradas o 18 de abril até este plenario celebrado hoxe, miles de afiliados e afiliadas do Bloque Nacionalista Galego teñen contribuído para formar a vontade da nosa organización. Debatenos e decidimos colectiva e democraticamente a liña política do BNG e a equipa humana que a partir de hoxe ten a responsabilidade de o dirixir. Agora trátase de que todos e todas actuemos socialmente como un só Bloque Nacionalista Galego.

Como unha organización que debate intensamente, mais que, unha vez concluído o debate, aparece como un bloque unido perante a sociedade. Así nos quere ver a sociedade galega e así nos vai ver a partir de hoxe. Porque todos e todas, sen exclusións, somos o Bloque Nacionalista Galego. Todos e todas!

Dicía Bertold Brecht que todo militante debía prepararse para ser dirixente. A militancia do BNG é o seu principal activo. Neste novo tempo que abrimos hoxe, a militancia do BNG ten que ser indiscutibelmente a protagonista do proxecto nacional galego. Os afiliados e as afiliadas deben ser actores da política do BNG. A dirección e a militancia do Bloque Nacionalista Galego pómonos a traballar desde xa. Aquí non sobra absolutamente ningúen. E aínda falta moita xente, xente que iremos incorporando na medida en que vaiamos gañando a confianza do pobo galego. Xente que queremos que siga dentro do Bloque Nacionalista Galego. Con humildade e traballo, ese é o meu compromiso como portavoz nacional.

Humildade e realismo. Humildade e compañeirismo porque eu son simplemente un máis dos afiliados e afiliadas do BNG.

Dixen durante estes días que aspiraba a conquistar a unidade, mais que tamén aspiraba a conquistar a fraternidade. Estou convencido de que entre todos e todas conquistaremos unha e outra. A unidade, a lealdade entre nós, a confianza, fará que ningúen poida parar o BNG, fará que o BNG se converta na mellor ferramenta do pobo galego para conquistar a súa emancipación nacional e social.

Vivimos tempos difíciles para o pobo galego e para o conxunto da humanidade, mais tede claro compañeiros e compañeiras que o nacionalismo é a resposta. O nacionalismo é unha ideoloxía liberadora, liberadora dos pobos e das maiorías sociais. En Galiza, ademais, o nacionalismo é un proxecto portador de progreso para a inmensa maioría dos galegos e das galegas. Os bos e xenerosos son maioría no seo do noso pobo. O traballo do nacionalismo é que esa bondade e esa xenerosidade se convertan tamén en compromiso político co noso proxecto e co noso país.

Hai 20 anos os teóricos da Revolución Conservadora de Reagan e Thatcher estableceron como dogma que a globalización neoliberal era o único camiño. Falaron da fin das ideoloxías. A globalización presentóusenos como un paso moi positivo na historia da humanidade. Acabaría coa pobreza, xeneralizaría o progreso e os avances científicos, levaría a democracia a todo o Planeta e terminaría coa guerra como forma de resolver os conflitos. Para conquistar tales logros era preciso construír un mundo ao servizo da liberdade de movementos do capital transnacional. O mercado convertido nun Deus, nun becerro de ouro que tiñamos que adorar. A acción pública ficaba baixo sospeita. O mellor sector público era o que non existía. O Estado, por suposto, non debía regular a economía.

Dúas décadas despois, esa política está hoxe en bancarrota e acaba de levar o mundo á maior crise económica desde 1929. As ideoloxías seguen a ter vixencia, e desde logo a ideoloxía nacionalista.

O paraíso que nos ofrecía o neoliberalismo non se concretou. As desigualdades entre o Norte e o Sur nunca foron maiores, as desigualdades entre capital e traballo mesmo nos países desenvolvidos, tampouco, o medio ambiente está en situación verdadeiramente crítica, e o imperialismo continúa en guerra, ocupando países soberanos, como Afganistán ou Iraq, e negando os dereitos de pobos como o palestino, o sahariano ou mesmo o cubano, que aínda hoxe segue a estar bloqueado comercialmente por Washington.

As taxas de paro disparadas, o traballo precario e os baixos salarios son norma, as pequenas e medianas empresas afogan faltas de financiamento.

O nacionalismo galego sempre cuestionou este paradigma neoliberal. Mentres conservadores e socialdemócratas españois lle rían as grazas, nós advertíamos de que o neoliberalismo era irracional e o seu modelo de crecemento era imposible de sustentar no tempo porque se mantiña sobre a base dunha ficción. Non na creación de valor, non na creación de riqueza, senón na especulación, nas burbullas inmobiliarias, nas burbullas tecnolóxicas, nas burbullas financeiras. E as burbullas sempre acaban estoupando. O malo é que o poder quere transferir o custo do estoupido ás clases traballadoras e ao capital produtivo, nunca pagan os verdadeiros responsábeis, o gran capital financeiro e os seus profetas.

O nacionalismo quere contribuír para construír desde Galiza un modelo alternativo ao neoliberal. Un modelo democrático e ao servizo da maioría. Un modelo que poña a énfase na economía produtiva con peso do sector público, que aposte polo incremento do poder adquisitivo dos traballadores e das traballadoras. Un modelo que parta da plena autosuficiencia financeira do noso país. Sen autonomía fiscal non hai autonomía política. Un modelo con bos servizos públicos que cree emprego no noso país.

Non compartimos nós, os nacionalistas galegos, as estratexias que contra a crise económica se están a despregar desde o Goberno do Estado. Non vemos a suficiente enerxía no Goberno do Estado para soltar amarras e deixar atrás definitivamente as inercias neoliberais. Non podemos partillar que se poñan ao servizo do capital financeiro, da grande banca, miles de millóns de euros do patrimonio público sen ningún tipo de contrapartida ou control públicos. Volve o Estado mais volve para, cos cartos de todos, apoiar os fortes, apoiar os causantes da desfeita. Mentres, para o noso sector lácteo, o de sempre, nin un euro, o Estado non está, polo Estado non se agarda.

Por iso o Goberno do Estado poderá contar coa colaboración do BNG sempre e cando poña sobre a mesa os intereses de Galiza, sempre e cando varíe a súa estratexia anticrise en favor da maioría social.

O BNG ten claro quen provocou a crise e quen sofre as súas consecuencias, e o BNG ten claro de que lado está, do lado da inmensa maioría, do lado do mundo do traballo.

Compañeiros e compañeiras,

O nacionalismo volve estar na oposición en Galiza logo da súa primeira experiencia no Goberno do País. Foi unha experiencia que como toda obra humana tivo luces e sombras. Eu diría que ben máis luces que sombras. Puxemos en marcha un programa verdadeiramente transformador e enfrontamos con decisión políticas de cambio estrutural que ían en beneficio das maiorías sociais, e que só irritaron aos que sempre se consideran poder por riba da libre decisión da cidadanía. Mais é evidente que cometemos erros, que non soubemos comunicar adecuadamente o noso traballo, e que, en todo caso, non conseguimos manter o apoio de miles de cidadáns e cidadás que si nos apoiaron no pasado. Teño dito que máis que perder o Goberno preocúpame ter perdido ese apoio cidadán e, consecuentemente, afirmo aquí que a primeira tarefa que nos debemos propor todos e todas é recuperarmos a sintonía con ese sector da sociedade galega que nos tivo no pasado como referente político e que a bo seguro nos volverá a ter no futuro se somos quen de cambiar o rumbo e de pormos a nave na dirección acaída.

Mais non nos podemos entregar á melancolía nin recrearnos nas saudades do que puido ser e non foi. Por decisión do pobo galego, o nacionalismo volve estar na oposición. Debemos asumila con absoluta determinación e firmeza, tendo moi claro que o Partido Popular non acredita no autogoberno galego e que vai ao Goberno co obxectivo de destruír todo o que nel puxo en marcha o Bloque Nacionalista Galego. O PP non ten un programa en positivo, ten un programa en negativo. Non lle di ao País que é o que quere. Dille o que non quere. Non quere que os nosos nenos e nenas aprendan galego nas galescolas. Non quere que os beneficios da enerxía eólica fiquen na nosa nación. Non quere un grupo lácteo galego. Non quere unha rede pública de servizos sociais.

O Partido Popular é a dereita española en Galiza. Xa apenas se esforza en maquillarse de galeguista. Varios dos seus conselleiros e conselleiras falan en castelán sen que se dispoñan a facer o menor esforzo para falar galego aínda de xeito ritual. Equivócanse os que ven neste goberno do PP do Sr. Feijóo un PP tecnocrático ou neutro. De tecnocrático, nada. De neutro, menos. Este PP do Sr. Feijóo vén facer aquí política pura e dura.

É o primeiro presidente do Goberno galego que, ás claras, quere dar un paso atrás nas políticas de normalización do noso idioma seguindo a falsa tese da falta de liberdade lingüística, avalando a mentira da imposición do galego. Que imposición dun idioma que carece do necesario respaldo legal? Que imposición dun idioma que retrocede a ritmo galopante? Mais que saiban que nós non imos ficar impasíbeis.

E por certo, en fronte vannos ter xa a todas e todos nós este 17 de Maio. Imos tomar civicamente as rúas de Santiago, seguindo a convocatoria da Mesa pola Normalización Lingüística, para exercermos a dignidade e defendermos a nosa lingua e os seus dereitos aldraxados.

A democracia non estará plenamente normalizada en Galiza mentres o galego non teña o mesmo status legal que o castelán. Non queremos nin máis nin menos. O que non queremos é unha lingua marxinada, de segunda no noso propio país.

O Partido Popular no poder fará o de sempre: favorecer os sectores sociais máis privilexiados. A dereita española é nese sentido quizá a dereita máis reaccionaria de toda Europa. As súas receitas son dunha simpleza estorcedora. Rebaixas fiscais sempre ás rendas máis altas; aumento da presión fiscal vía imposición indirecta; privatizacións encubertas dos servizos públicos esenciais; reformas laborais e das pensións negativas para os traballadores e as traballadoras; despido máis barato.

Señores e señoras, queridos amigos e amigas: as receitas de Aznar, home, as receitas de Aznar!

E por certo, unhas receitas que nunca veredes aplicadas a si mesmos. Nunca veredes que as apliquen a si mesmos. Son sempre para os demais. E unha pregunta que nos temos que facer é: e os intereses de Galiza? Galiza será novamente moeda de cambio. Galiza será para o Partido Popular só un instrumento para pór ao servizo dos intereses electorais do Sr. Rajoy.

Compañeiros e compañeiras

O nacionalismo galego ten unha modesta mais importante representación institucional: no Parlamento Galego, nos Concellos, nas Deputacións, nas Cortes Xerais. Tamén dispomos dunha modesta mais importante organización. Debemos estar con vigor nas institucións, mais debemos estar con idéntico vigor alí onde se move a sociedade galega. Temos que achegar a visión do nacionalismo galego, ter presenza en toda canta organización social de base exista no noso país. O nacionalismo político non é viábel en Galiza se non se arroupa de nacionalismo social. Temos que estreitar os lazos coas organizacións nacionalistas de masas e establecermos un diálogo franco e aberto con elas, sen dependencias, un diálogo mutuamente enriquecedor.

Compañeiros e compañeiras

Sobre os ombros de todos nós descansa o proxecto nacional galego na súa dimensión política. Temos unha enorme responsabilidade, a de defendermos a causa de todos os galegos e de todas as galegas que queren outro papel para Galiza no Estado, en Europa e no mundo. O proxecto nacional galego defénde o BNG, mais tamén o defenden o sindicalismo nacionalista, o movemento cultural nacionalista, os compañeiros e compañeiras nacionalistas que traballan no mundo do ecoloxismo. Todas esas enerxías son necesarias para conseguir situarnos como alternativa ao Partido Popular.

Desde a emerxencia do Bloque Nacionalista Galego en 1982, o nacionalismo ten tido unha influencia no devir do país moi superior ao seu peso electoral. Podemos dicir sen medo á hipérbole que durante estes 27 anos a política galega ten gravitado arredor das propostas nacionalistas. O confronto PP-BNG que define estas tres décadas de historia de Galiza non se produce por acaso. É produto dunha evidencia: a de que a verdadeira dialéctica que existe na nosa nación, moito máis alá de conxunturas electorais, é a que se establece entre o proxecto nacional galego que encarna o BNG e o proxecto da dereita españolista que encarna o Partido Popular. E non debemos descoñecer que teremos que competir con outros adversarios políticos. Non debemos tampouco menosprezar a solidez do proxecto da dereita españolista no noso país, o seu arraigo social, a súa potencia financeira e mediática, mais tampouco debemos sobrevalorala. O PP é derrotábel, compañeiros e compañeiras. Será derrotábel en 4 anos se facemos ben o noso traballo. Seroa en 4 anos se o nacionalismo recupera o pulso social. Seroa en 4 anos se solidificamos a unidade e entendemos que a nosa diversidade interna non só non é un atranco, senón que é unha poderosísima panca para avanzar conectando con novos sectores sociais.

Asegúrovos que como portavoz nacional vou deixar a pel, e estou seguro que comigo todos os compañeiros e compañeiras da Executiva Nacional, na interlocución coa sociedade galega. Vou ser un portavoz nacional pegado á militancia e pegado á sociedade. Vou estar como dixen nas asembleas comarcais. Vou ser un máis dos miles de afiliados e afiliadas desta casa. E vou estar coa orella ben posta no que di a xente, mais tamén vou aproveitar ese contacto social para transmitir aquilo que nós pensamos. Somos unha forza transformadora. Non estamos en política para reproducir o que xa existe. Non estamos en política para que a ideoloxía dominante, que é conservadora e antinacionalista, se perpetúe. Estamos para facer medrar no seo do noso pobo a conciencia nacional, a conciencia de pertencer a un pobo diferenciado que ten que exercer os seus dereitos tantas veces negados. Vou traballar sen desmaio para convencer os nosos e as nosas compatriotas de que o proxecto que mellorará as súas vidas non é o proxecto da dereita españolista, senón o proxecto dos nacionalistas galegos, o proxecto que si interesa á inmensa maioría, ás clases traballadoras, ás pequenas e medianas empresas, aos comerciantes, aos autónomos. Esa vai ser a esencia do meu traballo no BNG: conseguir que cada día máis galegos e galegas aposten por que Galiza se governe a si propia, teñan confianza nas potencialidades da nosa sociedade.

Compañeiros e compañeiras

Temos un primeiro reto que afrontar o 7 de xuño. Eleccións ao Parlamento Europeo. Unha excelente oportunidade para explicar que Galiza só existe nas institucións cando está presente nelas o BNG. Unha excelente oportunidade para contrapor ao modelo neoliberal sobre o que se construíu a UE, o modelo democrático, social e plurinacional que defende o nacionalismo galego. É o deseño neoliberal da UE o que impide a Astano construír barcos. É o deseño neoliberal da UE o que limita o acceso da nosa frota a caladoiros comunitarios. É o deseño neoliberal da UE o que está pondo ao límite da supervivencia ao sector lácteo galego, a columna vertebral do noso medio rural, un sector que se está a mobilizar e volve saír ás rúas de Galiza apoiado por miles de persoas en defensa dos seus dereitos e dos seus intereses, que son tamén os nosos. Desde aquí todo o noso apoio e solidariedade a ese sector.

É o deseño da UE, mais coa complicidade dos sucesivos gobernos centrais e das forzas políticas que o avalan, o defenden e queren que se perpetúe. E fronte a ese deseño neoliberal, os nacionalistas galegos defendemos o dereito do noso país a vivir do seu traballo, defendemos a nosa economía nacional e, por extensión, unha Europa máis democrática, máis social, máis solidaria, e plenamente respectuosa coa existencia das nacións sen Estado, a comezar pola nosa, Galiza.

Compañeiros e compañeiras

Galiza non debe ter máis límite que o da vontade dos seus cidadáns e das súas cidadás libres. O BNG sae desta Asemblea fortalecido e renovado no fundamental, nas súas ideas. O BNG sae desta Asemblea cunha enorme determinación, a determinación de representar o proxecto nacional galego e de representar a centos de miles de compatriotas que desexan para o seu país outro status no Estado e arelan tamén a xustiza social para a inmensa maioría.

Se blindamos a nosa unidade, se traballamos a rentes do chan, pegados ao terreo, con humildade, con realismo, sabendo quen somos, sabendo a que xogamos e sabendo para quen xogamos, ao nacionalismo galego non haberá quen o pare e realizaremos o soño de miles de compatriotas que xa desde o século XIX dedicaron o mellor das súas vidas a que Galiza se liberase das cadeas e fose unha nación xusta e soberana.

Realizaremos o soño de **Uxío Novoneira** cando invocando a nosa patria escribiu:

Sabemos que ti podes ser outra cousa/

Sabemos que o home (e engado eu: a muller) pode ser outra cousa

Compañeiros e compañeiras, de todo corazón agradezo a confianza que en min despositastes. Tentarei por todos os medios non defraudala.

Moito ánimo a todos e a todas!

Viva o Bloque Nacionalista Galego!

Viva Galiza!



